



EXPEDIENTE: 6619/252.

**ASUNTO: CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS DO SERVIZO DE LIMPEZA :
RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS NO
TERMO MUNICIPAL DE VIGO..**

**INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ECONOMICAS (SOBRE
“C”).**

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 2 de febreiro de 2018, acordou, por unanimidade, solicitar informe do Servizo de Limpeza, en relación co sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos no procedemento de referencia, logo da súa apertura en acto público.

Os datos económicos da apertura das ofertas aceptadas se recollen na “táboa01”, anexa a este informe.

**a.- VALORACIÓN PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU
DESPROPORCIONADAS:**

Antes de proceder a valoración das ofertas económicas, foi analizado si algunha das ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados, en base os criterios establecidos no apartado 8.D. das FEC.

De acordo co informe técnico de data 13 de febreiro de 2018, a mesa de contratación de data 19 de febreiro de 2018, aprobou a presunción de ofertas anormais ou desproporcionadas, para as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

LOTE 2

A oferta da mercantil UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS SRL - CIVIS GLOBAL SLU, cun baixa dun 11,84 % se atopa en presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados ao ter unha baixa maior ao valor de presunción de temeridade establecido en un 10,04 % de baixa.

LOTE 3

As ofertas das mercantís ALTHENIA SL cunha baixa dun 20,18 e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., cun baixa dun 22,00 % se atopan en presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados ao ter unha baixa maior ao valor de presunción de temeridade establecido nun 17,48 % de baixa.

Con data 19 de febreiro de 2018 a mesa de contratación procede a notificar as citadas empresas, dándolle un prazo de tres días para presentar alegacións e a documentación que considere





oportuno para xustificar a valoración da oferta en presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Dentro do prazo establecido consta no rexistro do Concello de Vigo a recepción da seguintes xustificacións:

- Con data 21/02/2018 e nº de rexistro 180027909, a mercantil FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., presenta documentación para a xustificación dos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta ao LOTE nº 3 do expediente 6619/252. RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS NpoloO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.
- Con data 21/02/2018 e nº de rexistro 180027979, a UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U, presenta documentación para a xustificación dos valores anormais ou desproporcionados da súa oferta ao LOTE nº 2 do expediente 6619/252. RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.
- Finalizado o prazo para a presentación da xustificación requirida, a mercantil ALTHENIA, S.L, non presenta ningunha xustificación.

Con data 28 de febreiro de 2018, emítense informe asinado polo Xefe do Servizo de Limpeza, Enxeiteiro de camiños, canais e portos municipal, Xefe da Área de Inversións municipal e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Concellería de Fomento, sobre as xustificacións presentadas por FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., e UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U, e no citado informe se conclúe que:

Xustificación presentada pola mercantil FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.: “que a xustificación presentada pola mercantil FCC, SA, sobre a presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados, contén unha xustificación adecuada a oferta presentada e xustifica con argumentos directamente relacionados coa oferta a viabilidade técnica e económica da mesma, reiterando en todo momento o compromiso e a capacidade propia para o cumprimento das súas obrigas, tanto pola experiencia e capacidade do grupo FCC, SA, como a propia experiencia como actual xestor do contrato. Polo cal pódese concluír que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que coa oferta realizada poida cumprir o contrato”.

Xustificación presentada pola UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS, S.R.L. - CIVIS GLOBAL, S.L.U.: “que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que coa oferta realizada poida cumprir o contrato”

b.- VALORACIÓN DAS OFERTAS DE ACORDO COS CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA:





De acordo co contido do PCAP que rexe o presente procedemento de contratación, os criterios avaliábles mediante formula, se atopan definidos no apartado 8.B das FEC, e correspóndense cos seguintes:

Os criterios mediante formula serán avaliábles ata un máximo de "PE= 100 puntos" e terán un coeficiente de ponderación "B= 55".

- Lote 1:

1.- Redución do prezo: valorarase con ata 100 puntos

O valor da baixa ofertada obterase restando ao importe resultante de sumar os apartados "(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial" dos anos 1 e 2, correspondentes ao desglose do prezo de licitación para cada LOTE "Vlic" e o importe correspondente a oferta realizada de acordo coa baixa aplicada. O valor "Vlic" é o seguinte:

Áreas de gasto:	Ano 1	Ano 2	TOTAL (Vlic)
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial	2.245.800,00 €	2.371.200,00 €	4.617.000,00 €

Dito valor de baixa será expresado en porcentaxe sobre o importe do valor "Vlic".

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $Be < Bi \leq BE$:

$$Pe = 99,20 + (0,80 (Bi/BE))$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,8*Be < Bi \leq Be$:

$$Pe = 95,70 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$:

$$Pe = 88,20 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0*Be \leq Bi \leq 0,55Be$:

$$Pe = 88,20 * \left(\frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

Pe = Puntuación da oferta a valorar





Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o valor “Vlic” do lote correspondente, e o prezo correspondente ao mesmo valor ofertado a valorar. O resultado será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación.

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi \leq Br + \sigma'$ (segundo se definen Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas –apartado 9 desta memoria, e serán calculados soamente con datos das ofertas admitidas en referencia ao valor “Vlic”).

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o valor “Vlic”, de todas as admitidas.

- Lote 2:

1.- Redución do prezo: valorarase con ata **100 puntos**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao importe resultante de sumar os apartados “(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial” dos anos 1 e 2, correspondentes ao desglose do prezo de licitación para cada LOTE “Vlic” e o importe correspondente a oferta realizada de acordo coa baixa aplicada. O valor “Vlic” é o seguinte:

Áreas de gasto:	Ano 1	Ano 2	TOTAL (Vlic)
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial	27.129.600,00 €	27.464.400,00 €	54.594.000,00 €

Dito valor de baixa será expresado en porcentaxe sobre o importe do valor “Vlic” .

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes **fórmulas**:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $Be < Bi \leq BE$:

$$Pe = 99,20 + (0,80 (Bi/BE))$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,8*Be < Bi \leq Be$:

$$Pe = 95,70 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$:

$$Pe = 88,20 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0*Be \leq Bi \leq 0,55Be$:

$$Pe = 88,20 * \left(\frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

Pe = Puntuación da oferta a valorar





Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o valor “Vlic” do lote correspondente, e o prezo correspondente ao mesmo valor ofertado a valorar. O resultado será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación.

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi \leq Br + \sigma'$ (segundo se definen Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas –apartado 9 desta memoria, e serán calculados soamente con datos das ofertas admitidas en referencia ao valor “Vlic”).

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o valor “Vlic”, de todas as admitidas.

- Lote 3:

1.- Redución do prezo: valorarase con ata 95 puntos

O valor da baixa ofertada obterase restando ao importe resultante de sumar os apartados “(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial” dos anos 1 e 2, correspondentes ao desglose do prezo de licitación para cada LOTE “Vlic” e o importe correspondente a oferta realizada de acordo coa baixa aplicada. O valor “Vlic” é o seguinte:

Áreas de gasto:	Ano 1	Ano 2	TOTAL (Vlic)
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial	1.544.700,00 €	1.607.400,00 €	3.152.100,00 €

Dito valor de baixa será expresado en porcentaxe sobre o importe do valor “Vlic”.

Para valorar as baixas en relación a oferta económica, serán de aplicación as seguintes fórmulas:

a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $Be < Bi \leq BE$:

$$Pe = 94,20 + (0,80 (Bi/BE))$$

b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,8*Be < Bi \leq Be$:

$$Pe = 90,70 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$:

$$Pe = 83,20 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0*Be \leq Bi \leq 0,55Be$:

$$Bi$$





$$Pe = 83,20 * \left(\frac{\text{-----}}{0.55 * Be} \right)$$

Pe = Puntuación da oferta a valorar

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o valor “Vlic” do lote correspondente, e o prezo correspondente ao mesmo valor ofertado a valorar. O resultado será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación.

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi \leq Br + \sigma'$ (segundo se definen Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas –apartado 9 desta memoria, e serán calculados soamente con datos das ofertas admitidas en referencia ao valor “Vlic”).

2.- Incremento do prezo por tonelada a aboar ao Concello para a venta do residuo PAPEL: valorarase con ata 5 puntos

O Licitador ofertará un % menor ou igual a 100 en fraccións de 10 unidades, para a súa aplicación á referencia publicada por ASPAPEL para a calidade 1.04.01 (embalaxes de papel e cartón, contendo un mínimo do 70% de cartón ondulado, sendo o resto outros produtos de papel e cartón). Da aplicación deste % á referencia publicada de ASPAPEL, se obterá o prezo por tonelada que o adxudicatario deberá ingresar ao Concello de Vigo, de acordo coas condicións definidas na cláusula 83 do PPTP en relación ao Lote nº 3.

Para valorar este criterio **outorgarase por cada 10% ofertado 0,5 Puntos**

Na valoración dos criterios terase en conta a seguinte ponderación:

$$P = \frac{A}{100} \times PT + \frac{B}{100} \times PE$$

Sendo:

P: puntuación total obtida da valoración da oferta

PT: puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor

PE: puntuación da avaliación dos criterios mediante fórmula

A: ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (45 %)

B: ponderación dos puntos dos criterios mediante fórmula (55%)

C.- cálculos de aplicación das formulas para as ofertas das empresas admitidas:

Procedese a aplicación das formulas indicadas no apartado anterior, en base as ofertas realizadas polas empresas admitidas o proceso de licitación.





As puntuacións obtidas para cada un dos criterios se desenvolve nas táboas que se anexan o presente informe, de acordo coas ofertas de cada licitador, e que de forma concreta atenden os seguintes criterios:

- Taboa-00. Relación de empresas licitadoras, admitidas o proceso de licitación
- Taboa-01. Datos da apertura das ofertas do sobre "C"
- Taboa-02.- Calculo das ofertas anormais ou desproporcionadas. Lote 1, Lote 2 Lote 3
- Taboa-02.1. Calculo para o valor Be Lote 1, Lote 2 Lote 3
- Taboa-03. Cálculos para a puntuación das ofertas económicas. Lote 1, Lote 2 Lote 3
- Taboa-04. Resumen das puntuacións mediante formula, coa puntuación total. Lote 1, Lote 2 Lote 3
- Taboa-05. Clasificación por orden decrecente da puntuación final. Lote 1, Lote 2 Lote 3

Dos cálculos descritos nas táboas anexas indicadas no paragrafo anterior, desprendese o seguinte resumen, así como a súa clasificación por orde decrecente das puntuacións obtidas nos criterios de xuízo de valor e por formula de cada unha das mercantís licitadoras:

Resumen das puntuacións finais:

LOTE Nº1:

Empresas licitadoras	Puntos Xuízo valor ponderado a 45 puntos	Puntos formula ponderado a 55 puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA	23,39	54,56	77,95
UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUX. S A - URBASER, S.A. 50%	30,02	53,54	83,57
CONTENUR S L	42,47	55,00	97,47

LOTE Nº 2:

Empresas licitadoras	Puntos Xuízo valor ponderado a 45 puntos	Puntos formula ponderado a 55 puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA	27,49	55,00	82,49
FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	44,24	54,56	98,80
UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUX. S A - URBASER, S.A. 50%	36,52	53,60	90,12
UTE ACCIONA SERVICIOS URBANOS SRL- CIVIS GLOBAL SLU. 55 45	27,31	0,00	0,00

LOTE Nº 3:





Empresas licitadoras	Puntos Xuízo valor ponderado a 45 puntos	Puntos formula ponderado a 55 puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA	29,31	52,33	81,64
ALTHENIA SL	25,48	0,00	0,00
FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	43,88	55,00	98,88
UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUX. S A - URBASER, S.A. 50%	32,56	54,56	87,12

Resumen da puntuación por orde decrecente:

LOTE Nº 1

	Empresas	Puntuación
1	CONTENUR S L	97,47
2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUX. S A - URBASER, S.A. 50%	83,57
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA	77,95

LOTE Nº 2

	Empresas	Puntuación
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,80
2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUX. S A - URBASER, S.A. 50%	90,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA	82,49

LOTE Nº 3

	Empresas	Puntuación
1	FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.	98,88
2	UTE CESPA CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUX. S A - URBASER, S.A. 50%	87,12
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA	81,64

Vigo a data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Limpeza

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal da Área de Fomento

O Xefe da Área de Inversións municipal

O Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Concellería de Fomento.

